



**LER
PARA
SABER**

ACTIVIDADES

rodeira



LER
PARA
SABER

Actividades

1. Completa a ficha bibliográfica do libro:

Título:
Autor/a:
Editorial:
Colección:
Ano de edición:
Lugar de edición:
ISBN:
Número de páxinas:

* As seguintes palabras fan referencia ás partes externas dun libro. Defíneas e describe que tipo de información aparece en cada unha delas:

CUBERTA:

LAPELA:

LOMBO:

2. Despois de ler a obra:

- * Por que crees que o autor a titula *Descoñecidos*?

- * Pensa un novo título para o libro.

- * Resume nunha frase o argumento do libro.

- * Observa detidamente a ilustración que aparece na portada. Que che suxire?
Deseña unha nova.

3. Como xa sabes, os tres grandes xéneros literarios son a narrativa, o teatro e a lírica.

* Define cada un destes xéneros cunha frase (podes consultar o libro de texto, Internet etc.).

* A que xénero literario corresponde a obra que acabas de ler? Razona a resposta.

4. Busca información sobre o autor da obra: David Lozano.

* Datos biográficos.

* Obras máis importantes.

5. A obra está dividida en 21 capítulos que non teñen título:

* Consideras que é preferible que os capítulos dunha novela teñan título ou que non o teñan? Razona a túa resposta.

* Baseándote no que sucede en cada un deles, pensa nun título para cada un e xustifícao.

Capítulo 1:

Capítulo 2:

Capítulo 3:

Capítulo 4:

Capítulo 5:

Capítulo 6:

Capítulo 7:

Capítulo 8:

Capítulo 9:

Capítulo 10:

Capítulo 11:

Capítulo 12:

Capítulo 13:

Capítulo 14:

Capítulo 15:

Capítulo 16:

Capítulo 17:

Capítulo 18:

Capítulo 19:

Capítulo 20:

Capítulo 21:

6. Ao longo da novela aparecen distintos personaxes. Clasifícaos en personaxes protagonistas, principais e secundarios.

Personaxes protagonistas:

Personaxes principais:

Personaxes secundarios:

- * Define coas túas palabras as características dos distintos tipos de personaxes que aparecen na novela.

PROTAGONISTAS:

PERSONAXES PRINCIPAIS:

PERSONAXES SECUNDARIOS:

- * Despois de nomear os personaxes, con cal deles te identificas máis? Por que?

- * Ao final da obra, no apartado «Agradecementos», o autor dinos que requiriu colaboracións de todo tipo e que mesmo roubou un par de apelidos. Saberías dicir cales son e a que personaxes pertencen?

PERSONA REAL	PERSONAXE NA OBRA

7. A que personaxe do libro corresponden as seguintes características?

- Traballa de mecánico nun taller:
- Forense cincuentón, cordial e metódico:
- Guapa, forte, imperiosa e mesmo agresiva. Protectora dos seus amigos:
- Interesante, culto e ocorrente. Non é especialmente guapo pero si atractivo:
- Sentimental, apaixonada e soñadora:
- Observadora, intuitiva:
- Frío, manipulador. De falsa aparencia:

8. No capítulo 2, Lara e Wilde comentan os seus gustos literarios: ambos os dous son bos lectores. De feito, usan un dos libros preferidos que teñen en común para establecer contacto no McDonald's: *Carta de una desconocida*.

- * Saberías atopar o autor desta obra e a súa sinopse?

* Cal é o teu libro preferido? Fai un breve resumo e expono ante os teus compañeiros.

9. No capítulo 8, Gerard e Lara —por proposta del— pásanse mutuamente un cuestionario sobre os seus gustos persoais. No plano musical, Lara contesta que o seu cantante preferido é Ed Sheeran e Gerard di que lle gustan os grupos Muse e Arcade Fire, entre outros.

* Coa axuda de Internet, poderías pescudar se existe algún cantante ou grupo musical con estes nomes?

• ED SHEERAN:

• CANTANTE:

• ESTILO:

• ORIXE:

- MUSE:
- COMPOÑENTES:
- ESTILO:
- ORIXE:

- ARCADE FIRE:
- COMPOÑENTES:
- ESTILO:
- ORIXE:

* Busca en Internet algunha canción de cada un dos grupos e escóitaa.

- ED SHEERAN:
<https://youtu.be/2Vv-BfVoq4g>
<https://youtu.be/lp-EO5I60KA>
- MUSE:
<https://youtu.be/b4ozdiGys5g>
https://youtu.be/G_sBOsh-vyl
- ARCADE FIRE:
<https://youtu.be/zC30BYR3CUk>
<https://youtu.be/9oI27uSzxNQ>

* Que opinión tes destes grupos? Argumentaa.

* Que estilo musical dirías que tocan?

* En grupos de 5-6 persoas, escollede a canción que máis vos gustou dalgún dos grupos citados anteriormente e montade unha pequena coreografía para llela amosar aos compañeiros.

10. No capítulo 12, Gerard dille a Fran que preparou algúns borradores de mensaxes para quedar con Lara. Utilizou poesías de Luis García Montero e con elas espera poder dar o salto definitivo para ter unha cita con ela.

* Que sabes deste autor? Busca información sobre el.

* Imos buscar o teu lado máis creativo! Escribe uns versos (mínimo 6) que che axuden a concertar unha cita con alguén como fixo Gerard. (Nota: non ten que ser necesariamente romántica.)

* Agora, acompañaos coa mensaxe para quedar. Podes lela ante os teus compañeiros para ver que lles parece.

11. No capítulo 13, o forense Carlos Millán expón como hipótese que Lara sexa a asasina. Xustifícao argumentando que ela é a primeira interesada en que Jordi non apareza e lle estrague a cita. Textualmente di: «Necesita a garantía de que todo vai saír perfecto esta noite... a calquera prezo».

* Cres que todo vale para lograr un obxectivo? A calquera prezo?

* Defende a túa postura nun debate aberto cos compañeiros. (Nota: tamén pode ser interesante defender a opción contraria da que pensas.)

12. Ao longo da novela aparecen diferentes termos relacionados dun ou doutro xeito coas redes sociais.

* Saberías definilos?

Espreitarte:

Seguidores:

Espidos:

Selfie:

Perfil:

Emoticonas:

Youtuber:

Booktuber:

- * Que outros termos relacionados coas redes sociais coñeces? Fai unha posta en común co resto da clase.

13. No capítulo 16, a inspectora e o forense danse conta de que o corpo non pertence a Jordi Vila, pois nas fotos nas que aparece en Google este presume do seu corpo, da súa tatuaxe e dos seus abdominais. Pola contra, o corpo atopado non presenta ningunha tatuaxe, aínda que denota que a persoa á que pertence vai con frecuencia ao ximnasio.

* Busca en Internet que beneficios comporta, en xeral, a práctica de exercicio físico.

- * Practicas de maneira habitual actividade física? De que tipo? En que cres que te beneficia? Participa na posta en común co resto da clase.

14. Lara e Gerard —os protagonistas da novela— coñécense a través das redes sociais.

- * Formas parte dalgunha rede social? De cal?

- * Cres que nalgunha ocasión te puideron enganar?

- * Suplantaches a túa identidade algunha vez? Con que finalidade?

- * En grupos reducidos (de 5 ou 6 persoas), podedes intercambiar as vosas opinións e experiencias establecendo un pequeno debate.

15. Nunha das súas múltiples entrevistas, o autor (David Lozano) define a obra como: «unha novela de misterio que expón un interesante debate sobre as consecuencias do estilo de vida que impón a sociedade actual: sobre a identidade, o voieurismo virtual, a violencia de xénero, a seguridade e a soidade nese espazo tan frecuentado como son as redes sociais».

- * Que opinión tes deste comentario? De verdade nos imponen este estilo de vida ou, pola contra, elixímolos nós? Expón a túa opinión ante os compañeiros.

16. A novela sitúa o asasinato no barranco de Sorts, preto de Barcelona. Gerard e Fran defínenlo como o seu santuario, un oasis onde resolver os seus problemas: o seu antídoto para as crises. Comproba, con axuda de Internet, se existe o devandito barranco e onde está situado.

* Que é un barranco? Que características ten?

* Busca información dalgún barranco famoso preto da túa localidade. Fai unha pequena descrición e un debuxo (coa axuda dalgunha foto).

- * Ti tamén tes algún lugar onde refuxiarte para pensar e aclarar as ideas? Se é así, poderías dicir cal é?

- 17.** Ordena, de modo cronolóxico, as seguintes frases que aparecen na novela. Para isto, podes consultar o libro.

«Como a cita empezou ben, a pantasma da inseguridade fai a súa aparición e Lara nótaa amolando no seu interior».

«Castell avanza uns pasos ata chegar onde o corpo. Non necesita ser médico para comprobar a simple vista que ese rapaz leva morto moi poucas horas».

«Necesitamos que nos faciliten os seus últimos movementos a partir do rastro do seu teléfono nos repetidores de Barcelona».

«Os dous baixaron da ponte para regresar ao punto no que permanece o cadáver».

«Soltoulle o pescozo e ensínalle a navalla aberta que sacou dun dos petos».

«Deseguido, decide avanzar no xogo e proponlle a Lara un cuestionario mutuo, que ela acepta coa condición de que non inclúa preguntas demasiado íntimas».

«Un, dous, tres, catro, cinco. Nada. Lara Grávalos segue sen responder. Salta o contestador».

«Xa sei onde a levou o seu misterioso acompañante, Jaume —afirma a subinspector— Acelera!».

- 18.** Volve ler o derradeiro capítulo do libro, o 21, e inventa un novo final a partir do momento en que, no interior do aparcadoiro, Lara pensa que se está afastando de Fran, o falso Wilde (mínimo 25 liñas).

* Podes lerlle o teu relato ao resto da clase.

19. Fai unha valoración crítica do libro que liches:

* Gustouche a novela? Razona a túa resposta.

* Liches algunha obra de temática parecida? Cal?

* Recomendaríaslles a lectura desta novela aos teus amigos? Razona a resposta.

* Coñecías o autor da novela? Liches algún outro libro seu? Cal? Gustouche?